

EN CADA AVALIACIÓN

A.- OBSERVACIÓN DO PROFESORADO. (20 % da nota da avaliación)

Neste apartado englobanse unha cantidade moi ampla de actuacións destinadas a valorar o traballo persoal, o traballo en grupo, o esforzo e as actitudes positivas cara a materia.

Traballos variados; propórase ao alumnado proxectos, traballos de investigación, lecturas de libros, resolución de exercicios.....A revisión destes traballos pódese facer a través de distintas ferramentas: probas, exposición, entrega de traballos,....., e en diferentes formatos como papel, dixital, exposicións.....

Avaliación da U.D.13.- "Matemáticas para a vida en sociedade", tendo en conta o traballo diario na clase, o esforzo, a participación, traer e coidar o material necesario (caderno, boletíns,...) a realización dos exercicios e actividades (dentro e fora da aula)...

B.- PROBAS ESCRITAS (80% da nota da avaliación)

1º ESO.- En cada avaliación faránse un mínimo de dúas probas escritas, unha delas final que englobará os contidos abordados ao longo de todo o trimestre. A nota será a media aritmética das obtidas polo alumnado nestas probas tendo en conta que esa proba escrita de final de trimestre terá o dobre de peso.

2º ESO.- En cada avaliación faránse **un mínimo** de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. A nota será a media aritmética das obtidas polo alumnado nestas probas.

3º ESO.- En cada avaliación faránse **un mínimo** de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. A nota será a media aritmética das obtidas polo alumnado nestas probas.

4º ESO, MATEMÁTICAS A.- En cada avaliación faránse **un mínimo** de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. A nota será a media aritmética das obtidas polo alumnado nestas proba

4º ESO, MATEMÁTICAS B.- En cada avaliación faránse un mínimo de dúas probas escritas, unha delas final que englobará os contidos abordados ao longo de todo o trimestre. A nota será a media aritmética das obtidas polo alumnado nestas probas tendo en conta que esa proba escrita de final de trimestre terá o dobre de peso .

OBSERVACIÓN IMPORTANTE.- En cada avaliación, no boletín de notas, a nota virá dada pola **aproximación por truncamento** da obtida polo alumna ou alumno, aproximando por **redondeo a partires das 75 centésimas**.

RECUPERACIÓN DE CADA AVALIACIÓN

Ao rematar cada avaliación, farase un **exame global, obrigatorio** para aqueles e aquelas que **non acaden un 5**, e **voluntario para o resto**. Será tido en conta do modo seguinte:

- **Se non acadaron un 5 na avaliación:** media aritmética deste exame global coa correspondente ás probas escritas durante a avaliación. Calcularase novamente a nota da avaliación, análogamente ao descrito, puidéndose darse os seguintes casos:

a) **MEDIA SUPERIOR A 5:** esta será a nota correspondente a esa avaliación de cara ao cálculo da avaliación ordinaria de Xuño

b) **MEDIA INFERIOR A 5:**

- pero a nota do exame global maior a 5: calcularase a nova media polo mesmo procedemento descrito anteriormente adxudicándose un 5 a parte correspondente aos estándares de aprendizaxe.
- Se ambas notas correspondentes aos estándares de aprendizaxe, (a da avaliación e a global), son inferiores a 5, escollerase a máis alta pola máis alta, para calcular a nota da correspondente avaliación do mesmo xeito que no caso anterior.

Para aqueles alumnos que se presenten voluntariamente a este exame, a media anterior so será tida en conta no caso de que mellore a nota correspondente ás probas escritas.

AVALIACIÓN ORDINARIA DE XUÑO

Despois de calcular os resultados exactos das tres avaliacións, **sen aplicarlle o redondeo**, farase a media ponderada cos seguintes pesos para cada avaliación:

- **25%** á primeira avaliación
- **35%** á segunda
- **40%** á terceira.

OBSERVACIÓN IMPORTANTE. - A **NOTA FINAL**, virá dada pola aproximación por truncamento da obtida polo alumna ou alumno na media ponderada anteriormente descrita, aproximando por redondeo a partires das 75 centésimas.

Calculadas as notas de cada avaliación, e tidas en conta as correspondentes as recuperacións, se a media ponderada anteriormente descrita e inferior a 5 e:

- **Unha única avaliación suspensa:** o alumnado terá que presentarse a un examen de dita avaliación. Recalcularáse a nota polo procedemento descrito para cada avaliación, para recalcular novamente a media ponderada.
- Se teñan **dúas ou as tres avaliacións suspensas**, o alumno ou alumna terá que presentarse a un exame global final. Con esta nota, recalcularáse a nota de cada avaliación, da forma xa descrita, para recalcular a media ponderada final.